

P. Martínez Lema / R. Dourado Fernández / C. Osorio Peláez (2010): “Un novo recurso para os estudos toponomásticos: O *Inventario Toponómico da Galicia Medieval (ITGM)*”, en X. Sousa Fernández (ed.): *Toponimia e cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 239-263.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

**UN NOVO RECURSO PARA OS
ESTUDOS TOPONOMÁSTICOS:
O *INVENTARIO TOPONÍMICO
DA GALICIA MEDIEVAL (ITGM)***

Paulo Martínez Lema

Rocío Dourado Fernández

César Osorio Peláez

Instituto da Lingua Galega (USC)



1. INTRODUCCIÓN

O *Inventario Toponímico da Galicia Medieval* (ITGM) pretende ser un recurso que lles axude aos investigadores o acceso e aproveitamento do noso inmenso e en ocasións pouco coñecido corpus toponímico medieval. Agora ben, resulta evidente que un proxecto con esta orientación e centrado nun campo de traballo tan concreto non xurdiu de xeito espontáneo, senón que se alicerza nunhas dinámicas de traballo e nunhas liñas de investigación que veñen sendo desenvolvidas con éxito desde hai case dúas décadas e das cales o ITGM pode considerarse en boa medida unha derivación. Estamos a nos referir ao *Proxecto Xelmírez (Corpus Lingüístico da Galicia Medieval)*, nado na sección de Gramática Histórica do Instituto da Lingua Galega en 1992 e que desde entón conseguiu compilar e artellar o meirande corpus da lingua galega medieval existente a día de hoxe. A implementación desa enorme masa textual posibilitou a posta en marcha de novos subproxectos, dos cales sen dúbida o máis coñecido e desenvolvido na actualidade é o *Tesouro Medieval da Lingua Galega* (TMILG), consultábel a través da propia páxina web do Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tmilg>) e que, a xulgar polo elevado número de consultas das que é obxecto, constitúe sen dúbida unha ferramenta indispensábel non soamente para investigadores e interesados na lingüística diacrónica, senón en xeral para todo tipo de usuarios movidos polos máis variados intereses.

Agora ben, o TMILG non é a única liña de investigación aberta dentro do *Proxecto Xelmírez*. Se formos ao terreo estritamente lexicográfico podemos sinalar proxectos nos que o grupo de investigación do *Xelmírez* está a participar de xeito activo, tales como o *Dicionario Histórico da Lingua Galega* ou o *Dicionario Medieval Galego-Portugués*, este último en colaboración con equipos da Universidade Nova de Lisboa. A eles podemos engadir outras vellas aspiracións como a *Dialectoloxía Medieval Galego-Portuguesa* ou a *Gramática Histórica da Lingua Galega*, así como a edición paleográfica

de distintas obras xa incorporadas desde hai tempo ao repertorio consultábel a través do TMILG: é o caso do *Tratado de Albeitaria*, os *Miragres de Santiago*, as *Cantigas de Santa María*, o *Cancioneiro da Ajuda* ou o *Cancioneiro da Vaticana*, por mencionar tan só algunhas das de maior relevancia. A todos estes subproxectos cómpre engadir desde agora mesmo o ITGM, que pode entenderse como unha implementación deses materiais textuais na liña dos estudos toponomásticos.

O ITGM nace aproximadamente a finais do ano 2005, cun obxectivo fundamental doado de resumir: tratábase de pór á disposición dos usuarios o conxunto do material toponímico rexistrado na riquísima documentación galega medieval, organizándoo ademais conforme a certos criterios lingüísticos e ofrecendo un contexto xeográfico-administrativo o máis seguro e completo posíbel para as distintas entidades físicas denotadas por esas formas toponímicas. O proceso iniciouse coa construción dunha base de datos á que fomos importando toda a toponimia extraída dos textos, e os resultados desa primeira e necesaria fase de desenvolvemento do proxecto non tardaron en chegar en forma de senllos traballos de doutoramento. O primeiro deles foi o *Inventario Toponímico do Tombo de Toxos Outos*, presentado como Traballo de Investigación Titorado por Paulo Martínez Lema en 2007 e que pouco despois apareceu publicado na colección Trivium da Editorial Toxosoutos (Martínez Lema, 2008a). Só un ano máis tarde, en 2008, Rocío Dourado Fernández presentaba a súa tese de licenciatura *Contribución a un inventario toponímico medieval dos documentos do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, aínda inédita. Estas dúas achegas poden considerarse por tanto as primeiras contribucións masivas ao ITGM, e permitiron ademais ir refinando e perfeccionando unha metodoloxía de traballo que, como teremos ocasión de comprobar, tiña que facer fronte a un bo número de dificultades derivadas das propias características do noso obxecto de estudo. Ao mesmo tempo, o proxecto era presentado publicamente en foros como o IX Coloquio da Medieval Hispanic Research Society (Londres 2008), o XXVIII Encontro da Associação Portuguesa de Linguística (Braga 2008) ou o XXXVIII Simposio da Sociedad Española de Lingüística (Madrid 2009), gozando en todos eles dunha moi boa aceptación.

Unha vez procesada a toponimia dun determinado número de obras e construído por tanto un repertorio toponímico o suficientemente importante, procedeuse á construción dunha aplicación informática. A versión provisoria desa aplicación está á disposición dos usuarios no enderezo <http://ilg.usc.es/itgm>, e

aínda que resta levar a cabo un importante número de axustes no seu funcionamento, o certo é que permite realizar xa todo tipo de consultas no corpus, ofrecéndolle ao utente o groso da información contida na base de datos para cada topónimo en concreto e posibilitando incluso a contextualización xeográfica do seu referente extralingüístico mediante un módulo cartográfico.

2. CARACTERIZACIÓN DO CORPUS DOCUMENTAL

Nesta primeira versión, o ITGM permítelles aos usuarios consultar a totalidade das formas toponímicas extraídas de sete coleccións documentais, concretamente as seguintes:

- a) a Colección *Diplomática Medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo* (= CDMACM), en edición de Enrique Cal Pardo (1999);
- b) a documentación do mosteiro de Santa Comba de Órrea (= SCO), tamén editada no seu día polo propio Enrique Cal Pardo (1985);
- c) a documentación do mosteiro de Santiago de Mens (= SM), en edición de Pilar Zapico Barbeito (2005);
- d) a documentación contida no Tombo de Toxos Outos (= DTT), en edición de Francisco Rodríguez Pérez (2004), a única completa existente a día de hoxe para esta obra;
- e) un conxunto de dezaseis documentos inéditos procedentes do propio mosteiro de Toxos Outos (= DISXT), e editados por Xosé Manuel Sánchez Sánchez (2002);
- f) o *Libro de Notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Posmarcos* (= LNAP), en edición de Fernando R. Tato Plaza (1999);
- g) e cinco documentos redactados polo notario santiagués do s. XIII Domingo Pérez (= CDDP), dados a coñecer por José Ignacio Fernández de Viana y Vieites (2007).

Tal e como podemos comprobar no mapa que acompaña estas liñas (Figura 1), a procedencia xeográfica desta documentación permítenos delimitar dúas áreas bastante compactas do territorio galego nas que se viñeron centrando até o de agora os traballos de desenvolvemento do ITGM: por unha banda, a vertente máis occidental da provincia da Coruña, con especial protagonismo das terras

situadas na contorna inmediata do que hoxe son as rías de Muros e da Arousa; e pola outra, as terras setentrionais e nororientais da provincia de Lugo, verdadeiro núcleo territorial da antiga diocese de Mondoñedo.




Figura 1

Como é obvio, un repertorio documental coma este presenta unha serie de características derivadas da cronoloxía, da lingua e da procedencia xeográfica dos distintos textos que o integran. Estes parámetros externos condicionan inevitavelmente o material lingüístico contido nos documentos, de xeito que tamén os ítems toponímicos van verse afectados por eles de xeito moi directo. Así e todo, debe terse en conta en todo momento que as porcentaxes e datos que imos expor a continuación son sempre provisorias, xa que a paulatina incorporación de novas e máis poboadas coleccións documentais ao ITGM irá alterando nun sentido ou noutro as circunstancias xeográficas, glotolóxicas e cronolóxicas definitorias dos textos.

En primeiro lugar, o rango cronolóxico dos documentos baleirados abrangue na práctica toda a Idade Media, desde o século IX até comezos do século XVI (Figura 2). Aínda así, hai certos treitos nos que se rexistra unha meirande concentración de material toponímico, tal e como pode observarse moi especialmente no século XIII, sen dúbida o que maior volume de formas toponímicas achega, pois algo máis do 34% do total das ocorrencias toponímicas reunidas no ITGM proceden de textos xerados ao longo desa centuria. Séguelle moi de preto o século XV, con case o 32% do total, mentres que os séculos XII e XIV ofrecen unhas porcentaxes moi parellas entre si, co 16% e o 13% respectivamente. Por tanto, podemos afirmar que nesta primeira fase do ITGM son os períodos centrais e finais da Idade Media as que se atopan mellor representadas no noso corpus, dato que se fai aínda máis destacábel cando observamos que o total de formas toponímicas documentadas ao longo dos séculos IX, X, XI e XVI suma un escasísimo 1%. A porcentaxe global complétase cun 4% restante que corresponde a ítems toponímicos extraídos de textos para os cales o editor non foi quen de establecer unha data de redacción minimamente fiábel.




Figura 2

O aspecto lingüístico tamén conta cunha relevancia considerábel na caracterización do noso corpus textual. Como podemos constatar no gráfico seguinte (Figura 3), a grande maioría da documentación representada no ITGM ten como lingua de redacción o latín, seguido a certa distancia polo romance galego e, xa como terceira opción glotolóxica e moi minoritario con respecto aos dous anteriores, o romance castelán. Porén, non debemos deixar de observar a presenza dun pequeno feixe de textos (26 documentos no estado actual do ITGM) cuxa singularidade glotolóxica consiste na presenza de distintos niveis de alternancia entre dous ou máis códigos lingüísticos distintos. A este respecto, as posibilidades combinatorias rexistradas ao longo deses documentos son basicamente catro: galego-castelán (16 casos), galego-latín (6 casos), latín-castelán (3 casos) e, por último, leonés-latín (1 caso).




Figura 3

Estreitamente conectado co aspecto glotolóxico está a cuestión dos focos xeradores da documentación. Nesta primeira fase do ITGM (Figura 4), o actual territorio administrativo galego constitúe sen ningunha dúbida o lugar de redacción da inmensa maioría dos textos recollidos, até o punto de que tan só 33 deses documentos foron producidos en localidades alleas a ese ámbito xeográfico-administrativo como son Portugal (3 textos) e, principalmente, o actual Estado español (os 30 textos restantes).




Figura 4

3. CARACTERÍSTICAS DO MATERIAL TOPONÍMICO RECOLLIDO NO ITGM

Do conxunto das coleccións documentais baleiradas extraemos un total de 17640 formas toponímicas, entendendo como tales cada unha das ocorrencias concretas dun topónimo nun contexto determinado dentro do documento. Esta distinción entre *forma toponímica* e *topónimo* resulta superflua na situación actual, nun momento histórico no que cada topónimo conta con unha única forma estandarizada. Porén, diferenciar o nome de lugar (en tanto que signo lingüístico) da súa plasmación formal concreta nun texto constitúe unha práctica de grande relevancia metodolóxica á hora de abordarmos estudos toponímicos baseados nos textos medievais, debido á grande heteroxeneidade formal e glotolóxica que caracteriza os mesmos. Esta situación, obviamente, ten especial repercusión no material toponímico, pois multiplica a cantidade de formas lingüísticas distintas baixo as que pode aparecer representado un topónimo nun texto escrito. A interferencia das prácticas escriturarias latinizantes ou a intervención de fenómenos como a asociación etimolóxica ou a hipercorrección son algúns dos factores que poden motivar esta proliferación de formas toponímicas. Por sinalar un exemplo bastante esclarecedor ao respecto, un topónimo como *Moraima* (nome dunha freguesía do concello de Muxía e do mosteiro que nela radicaba) aparece explicitado en DTT a través de até catro formas distintas: *Moriame*, (*Sam Gíao de*) *Moyrame*, *Moyramia* e *Sancto Iuliano de Mouramia*.

Evidentemente, a distribución por obras desas 17640 formas toponímicas non é homoxénea en absoluto, pois case o 85% desas ocorrencias aparecen concentradas en CDMACM e DTT, as dúas coleccións que maior volume textual

achegan na actualidade ao ITGM. As restantes obras supoñen unhas porcentaxes individuais máis modestas: LNAP proporciona un 9% de formas, SM un 3%, SCO un 2% e, finalmente, DISXT e CDDP suman entre as dúas un exiguo 1%. Por tanto, a importancia desta serie de obras menores non radica no seu peso cuantitativo, certamente moi escaso, senón en que completan e complementan a paisaxe toponímica perfilada polas coleccións máis voluminosas en cadansúa área xeográfica de referencia. Por exemplo, DTT contén unha elevadísima cantidade de topónimos alusivos a diversas entidades físicas e poboacionais de toda a península da Barbanza. Agora ben, o material fornecido por obras como DISXT e moi especialmente por LNAP permítenos non só enriquecer o corpus toponímico medieval desa zona xeográfica en concreto, senón tamén contrastar certas formas toponímicas escuras ou de identificación inicialmente dubidosa recollidas en DTT.

Por outra banda, no proceso de marcare e procesamento do material toponímico non consideramos unicamente as formas toponímicas puras, ou sexa, aquelas que aparecen no texto de xeito autónomo e cunha función propiamente denotativa, senón que tamén decidimos incluír no corpus aquelas outras que concorren como constituíntes de sintagmas onomásticos máis amplos, e que nalgúns casos perderon xa a conexión co seu referente extralingüístico orixinario. Esta premisa metodolóxica permítenos incorporar ao ITGM un subconxunto tan amplo e relevante como é o dos apelidos detoponímicos, moi presentes na nosa documentación desde datas temperás e cuxa dispoñibilidade pode permitirlles aos usuarios abordar cuestións tan específicas como a época na que comezan a asentarse e xeralizarse os apelidos detoponímicos ou as pautas e criterios polos que se rexe a combinación deses apelidos con outros de orixe distinta (delexicais e/ou patronímicos) dentro dunha mesma cadea antroponímica. En todo caso, a porcentaxe de formas rexistradas dentro de sintagmas máis amplos é aínda minoritaria no estado actual do noso corpus, de xeito que non chega a constituír nin sequera a cuarta parte do total (Figura 5).

Ese total de ocorrencias toponímicas pode reducirse en última instancia a 3086 topónimos, entendendo como tales cada unha das asociacións biunívocas establecidas entre un signo toponímico e un referente extralingüístico concreto, con independencia das concrecións formais específicas mediante as cales se actualice no texto. Aproximadamente para o 93% deses topónimos fomos capaces de esta-




Figura 5

belecer, de xeito exacto ou aproximativo, un correlato xeográfico-administrativo moderno, mentres que para o 7% restante carecemos de ningún parámetro xeográfico medianamente seguro ou probábel que atribuírlles, de xeito que figuran como *non identificados* (= N.I.). A maioría destes topónimos non localizados obedecen a unhas circunstancias moi determinadas. Nuns casos trátase de nome de lugar baseados en formas léxicas moi xenéricas e cunha presenza cuantitativa moi elevada na toponimia galega, como por exemplo *Vilar*, *Carballo*, *Castro* e similares. A problemática que conlevan estes elementos de cara á súa identificación increméntase notabelmente cando os únicos rexistros cos que contamos para eles concorren baixo a forma de apelidos detoponímicos (*Oduarius Carvalius*, *Joam de Uillar...*), sen que o documento proporcione un mínimo contexto toponímico que nos axude a determinar a localización do topónimo en cuestión. Porén, noutras moitas ocasións enfrontámonos a microtopónimos ausentes dos nomenclátors ao uso e cuxa localización só podería precisarse a través dun traballo de campo medianamente exhaustivo apoiado tanto nos datos modernos como nas referencias xeográficas inferíbeis dos propios textos, que en moitos casos resultan dunha grande axuda. Un bo exemplo disto é o monte *Penal Pennal Pigna*, tal e como aparece aludido en diversos documentos de DTT mais que no índice onomástico da edición manexada aparece identificado moi vagamente como “Monte entre os concellos de Muros e Mazaricos” (Rodríguez 2004: 750), o que tal vez nos tentaría a facelo figurar no ITGM como *non identificado*. Agora ben, o contexto xeográfico deducíbel dos topónimos mencionados neses textos permítenos concluír, en primeiro lugar, que o monte en cuestión era un promontorio de importancia considerábel, pois en todos os documentos é utilizado como punto de referencia inescusábel á hora de situar sobre o territorio unha serie de lugares.

Ademais, o monte que nos ocupa aparece sempre relacionado coas freguesías de Santa María de Coiro (Mazaricos) e San Salvador de Torea (Muros), así como con dúas correntes fluviais próximas denominadas *Castrelon* e *Bustauoos* e identificábeis cos ríos Amira e Rateira, respectivamente. A conxunción destes datos e a súa extrapolación a un mapa permítenos dar por certo que *Penal Pennal Pigna* debeu ser unha denominación antiga do que hoxe se coñece como *Alto da Estivada* ou *Monte da Estivada*, un dos que constitúen o macizo do Pindo-Serra de Outes.

Por outra banda, convén sinalar tamén un aspecto que, aínda que non se deduza *a priori* do nome do proxecto, constitúe quizais unha das súas características potencialmente máis interesantes. Referímonos ao feito de que o corpus topónimo no que se basea o ITGM non soamente contén material circunscrito ao actual territorio administrativo galego, senón que reúne tamén unha cantidade considerábel de nomes de lugar (máis en concreto 303, que supoñen un 12% do total) alusivos a entidades non galegas (Figura 6). Neste sentido, o país mellor representado é sen dúbida España, con 247 topónimos, seguido a unha grande distancia por Portugal (25 topónimos), Francia (13 topónimos), Italia (11 topónimos) e, xa con achegas case anecdóticas, Gran Bretaña (3 topónimos), Israel (2 topónimos), Turquía (1 topónimo) e Grecia (1 topónimo).

Porén, de centrármonos exclusivamente nos datos referentes a Galicia e tomando como criterio a actual división administrativa en concellos, observamos que o ITGM conta con rexistros de topónimos de até 176 municipios galegos, ou o que é o mesmo, do 56% do total dos concellos nos que se divide a actual comunidade autónoma (Figura 7). Os concellos que maior cantidade de material topónimo achegan na actualidade ao corpus son Boiro (109 topónimos), Brión (99 topónimos), Malpica de Bergantiños (87 topónimos), Lousame (85




Figura 6

topónimos) e Rois (82 topónimos), todos eles situados na vertente occidental de Galicia e cunha especial concentración no entorno da ría da Arousa, o cal resulta coherente coa procedencia e ámbito de irradiación da maior parte da documentación baleirada. De acadarmos a continuación ao nivel territorial das comarcas, e partindo da división oficial establecida hai aproximadamente unha década, comprobamos que se mantén en boa medida esa preponderancia dos territorios occidentais do país, aínda que con certos matices, pois as bisbarras que maior volume toponímico achegan son as de Noia (243 topónimos), A Terra Chá (218 topónimos), Barbanza (205 topónimos) e Santiago (201 topónimos). En todo caso, o realmente importante é que contamos xa con representación toponímica máis ou menos importante de 46 das 53 comarcas nas que se articula a comunidade autónoma galega, o que supón unha porcentaxe moi significativa como é o 87%. As únicas comarcas para as que en principio carecemos de material toponímico son as da Limia, Viana, Verín, Terra de Trives, Sarria, Terra de Caldelas e Paradanta, aínda que este dato non é totalmente exacto, pois varias destas bisbarras encóntranse indirectamente representadas no corpus a través de topónimos que designan entidades supralocais tales como arciprestados, dioceses, xurisdicións, *commissos* e similares, e cuxa antiga extensión abranguíu en moitos casos o territorio de moitos dos concellos integrados modernamente nas devanditas comarcas. Por exemplo, aínda que no ITGM non están incluídos polo momento nomes alusivos a ningunha realidade xeográfica concreta da bisbarra de Paradanta, si contamos en troques cun topónimo de carácter supralocal, Toronium, que durante boa parte da Idade Media deu nome a un vasto territorio do extremo suroccidental de Galicia e cuxos límites abranguían entre outros aos municipios de Arbo, A Caniza, O Covelo e Crecente, ou sexa, todos os que conforman a moderna bisbarra de Paradanta. Por tanto, se consideramos a presenza desta tipoloxía toponímica específica no noso corpus, a representatividade xeográfica do mesmo vese notoriamente incrementada.

Para rematarmos con esta breve caracterización do corpus toponímico consultábel a través do ITGM, podemos facer un último apuntamento de carácter até certo punto anecdótico, mais que pode resultar ilustrativo. No estado actual dos nosos traballos, o topónimo que conta cun maior número de ocorrencias nos textos é *Mondoñedo*, como denominación da diocese que aínda hoxe conserva ese nome e para a que recolleemos un total de 986 rexistros (Figura 8). Sé-




Figura 7




Figura 8

guelle a bastante distancia *Villamayor* e as súas diversas variantes gráficas, como antigo nome da vila de Mondoñedo, con 339 ocorrencias. Tamén ofrecen unha representatividade importante, se ben sensibelmente inferior á dos topónimos citados, os topónimos *Galicia* (260 rexistros), *San Xusto de Toxos Outos* (236 rexistros) e *León* como nome do antigo reino medieval (223 rexistros). Estes son, polo de agora, os topónimos cuantitativamente mellor representados no ITGM.

4. METODOLOXÍA E PROCESAMENTO DO MATERIAL TOPONÍMICO

Na visualización da información devolta polo ITGM para cada topónimo, o usuario pode recoñecer en cada entrada dous bloques perfectamente diferenciados. O primeiro deles contén a información lingüística pertinente para a comprensión do topónimo, e consiste en tres lemas representativos da forma moderna, medieval romance e medieval latina do topónimo, respectivamente. O segundo bloque integra o conxunto da información referencial relativa á entidade xeográfica designada, ou sexa, a tipoloxía referencial á que pertence a entidade denotada polo topónimo e as coordenadas xeográfico-administrativas que a conteñen (lugar, freguesía, concello e provincia). A estrutura resultante é a mesma que pode observarse no seguinte exemplo:

VILAGOÍZ [VILLAUT] - [VILLA VOLISI] *n.h.* VILAGOÍZ (Devesa, A-Ribadeo-Lugo)

Existe por tanto unha vertente lingüística importante no traballo de procesamento e organización do material toponímico, e esa vertente concrétese máis exactamente no desenvolvemento dun proceso de lematización guiado por unhas determinadas pautas metodolóxicas. Quizais a máis elemental e salientábel delas sexa a distinción nítida entre o *signo toponímico* e o referente *extralingüístico*, os dous polos que vertebran o topónimo e entre os cales podemos recoñecer unha serie de posibilidades combinatorias que, á súa vez, permiten delimitar unha serie de dinámicas na transformación do sistema toponímico. A codificación específica de cada unha delas no ITGM constitúe, segundo cremos, outro aspecto a destacar do proxecto.

Na maioría dos casos, a asociación entre o signo toponímico e o referente extralingüístico mantívose ao longo do tempo sen máis alteracións cás esperábeis en calquera deses dous niveis, de xeito que podemos falar de *continuidade toponímica*. Nestes casos, a creación do lema é moi sinxela, pois abonda con adoptar como tal a forma actual do topónimo en cuestión. Pensemos en exemplos como *Lugo*, *A Coruña*, *Miño* e similares.

Noutras ocasións, en troques, os dous constituíntes do elemento toponímico seguiron rumbos diferentes: mentres que o referente extralingüístico se perpetuou ao longo do tempo, o signo toponímico a el asociado acabou sendo substituído por outro distinto. Este fenómeno, que denominaremos *substitución toponímica*, é especialmente doado de verificar en certas categorías referencias como os elementos urbanos, os accidentes do relevo ou as correntes fluviais, entre outras. Así, as rúas compostelás que aparecen mencionadas na documentación medieval como *Moneta Magna* / *Moneta Grande* e *Moneta Nova* perviven na actual fisionomía urbana da cidade, se ben mudaron a súa denominación pola de *Acibechería* e *Xelmírez*, respectivamente. Outro tanto podemos dicir a respecto da rúa de *Batitalas*, na vila de Mondoñedo, que mudou o seu nome polo de *Rúa do Progreso*. No que se refire aos accidentes xeográficos e ás correntes fluviais, a situación é moi similar e vese incluso intensificada pola tendencia destas entidades físicas á polinomia, ou sexa, a existencia de distintas denominacións para un mesmo elemento da paisaxe. Podemos traer a colación exemplos como o xa comentado de *Pena* / *Penna* / *Pigna*, correspondente ao actual *Alto da Estivada*, ou o río *Iratum*, mencionado baixo esta forma en varios documentos de CDMACM e identificábel, a xulgar polas coordenadas precisadas neses textos, co que hoxe é o *Rego das Hortas*, no lugar do Reirado (Alfoz). Para todos estes casos habilitamos como lema moderno a denominación toponímica actual, mais dándolle un formato particular que lle permita ao utente recoñecer de inmediato a existencia dun fenómeno das características que vimos de describir.

Unha terceira posibilidade consiste na extinción do referente extralingüístico, extinción que non implica a do signo toponímico, pois este consérvase aplicado a realidades da contorna xeográfica máis ou menos inmediata. Este fenómeno de *deslocación toponímica* tamén adoita darse con especial frecuencia en certas tipoloxías referenciais, entre as que salientan as antigas comarcas e xurisdicións (cuxo nome perdura a miúdo aplicado a entidades poboacionais xurdidas dentro

dos seus primitivos límites) e os antigos mosteiros (cuxa denominación adoita conservarse na da freguesía na que radicaban). Por exemplo, no que hoxe é o concello de Rois existiu durante a Idade Media unha comarca de límites xeográficos ben definidos coñecida co nome de *Valeirón*. Esa comarca desapareceu en época posmedieval, reemprazada pola xurisdición de Quinta, mais a forma toponímica que a designaba perviviu como unha das denominacións dadas a unha corrente fluvial que atravesa as antigas terras da bisbarra (González Pérez 1999: 24). En termos semellantes podemos entender casos coma o de *Salagia / Seaya*, nome dunha terra que se estendía pola contorna da actual Malpica de Bergantiños, así como dun arciprestado da arquidiocese de Santiago de Compostela. A particularidade que se observa nesta ocasión é que a deslocalización só afectou a unha desas dúas categorías referenciais: mentres que o arciprestado en cuestión segue a existir na actualidade mantendo a súa primitiva denominación, o territorio natural homónimo desapareceu, ficando como reminiscencia da súa pasada existencia a forma toponímica *Seaia* aplicada a unha freguesía do actual concello de Malpica de Bergantiños. Exemplos coma este último ilustran perfectamente a necesidade de manter xebrados en todo momento o signo toponímico e a tipoloxía concreta do referente a el asociado. Mais, a efectos da visualización deste fenómeno no ITGM, optamos por habilitar tamén nestes casos como lema moderno a denominación toponímica conservada, se ben deixando claro no punto correspondente da entrada que houbo unha alteración na referencialidade do topónimo.

Resta aínda unha cuarta grande posibilidade teórica que chamaremos *extinción toponímica* e que obviamente consiste na desaparición de ambos os dous elementos constitutivos do topónimo. As entidades supralocais, e máis concretamente as antigas xurisdicións e demarcacións de motivación eclesiástica ou civil, foron historicamente as entidades máis proclives a sufrir esta extinción total. Aínda así, o recurso á información que directa ou indirectamente nos proporcionan os textos medievais, así como a monografías históricas e outro tipo de fontes, permítenos establecer en non poucas ocasións os límites aproximados que tiveron esas vellas estruturas xeográfico-administrativas hoxe desaparecidas, e representalas cun grao bastante alto de fiabilidade no módulo cartográfico co que conta o ITGM. Podemos sinalar exemplos coma o xa citado de *Toronium*, cuxa extensión xeográfica foi perfilada con notábel exactitude por M. Fernández Rodríguez nun traballo monográfico sobre o tema (Fernández Rodríguez, 2004),

ou de *Corentia / Corenza*, antigo couto nucleado en torno a un pequeno mosteiro familiar do mesmo nome e que ocupaba os lugares de Nimo, Vilardante e Vila-fabeiro, todos eles pertencentes hoxe á parroquia de Santa María de Roo (Noia). Ante a ausencia de formas vixentes que sirvan como lema, esta función pasa a recaer no lema romance ou, no seu defecto, no lema latino, mais sempre cun formato especial que denote facilmente as circunstancias específicas que caracterizan esa denominación toponímica.

Con todo, hai certas variábeis que obrigan a matizar estas catro grandes posibilidades combinatorias e que, se ben carecen polo momento dunha presenza decisiva no corpus do ITGM, deberán supor un refinamento e reelaboración das pautas metodolóxicas que viñemos aplicando até o momento. En primeiro lugar temos que referirnos á existencia de topónimos que contaron con continuidade a nivel lingüístico e referencial e que, en consecuencia, deberían manterse sen maior problema no primeiro dos grupos comentados. O problema radica en que a forma externa destes topónimos sufriu alteracións que en ningún caso poden atribuírse á dinámica evolutiva interna do propio romance galego, senón á superposición e á interferencia máis ou menos explícita dun sistema lingüístico alleo. Evidentemente, estamos a falar da castellanización de ítems toponímicos, un fenómeno para o cal de momento contamos con moi poucos exemplos: *Fuensagrada* (= *A Fonsagrada*), *Vivero / Biuro* (= *Viveiro*) e *la Crunna* (= *A Coruña*) son os únicos que podemos extraer do corpus no seu estado actual. Agora ben, é obvio que na medida en que vaíamos incorporando documentación dos séculos XV e XVI, a porcentaxe de topónimos castellanizados medrará notabelmente e obrigaranos a introducir tamén un lema castelán que dea conta da especificidade deste fenómeno. En todo caso, a dispoñibilidade deste material toponímico no ITGM constituirá un fito de grande relevancia en tanto que permitirá coñecer con maior exactitude e precisión cronolóxica o proceso de castellanización dun determinado topónimo, así como determinar se certas alteracións tradicionalmente atribuídas á interferencia do castelán poden explicarse máis ben como cambios endóxenos.

Por outra banda, coñecemos tamén topónimos nos que a forma externa foi obxecto dunha verdadeira tradución ao latín. Nestes casos, os amanuenses non se limitaron a ensaiar unha repriminación da forma romance máis o menos coherente coa etimoloxía e as regras da fonética histórica, senón que suplantaron directamente esa forma romance por unha forma latina diferente mais cuxa se-

mántica era até certo punto homologábel á do topónimo orixinal. É moi representativo ao respecto o exemplo de *Toxos Outos*, que encontramos rexistrado en DTT baixo formas como *Spinos Altos* ou a maioritaria *Tribulos Altos*. Outro tanto vale para o caso de *Miñotos*, que encontramos latinizado nun documento de CDMACM como *Sanctus Petrus de Miluis*. Aínda que subsumimos estes casos no fenómeno máis global da *substitución toponímica*, o certo é que se trata dun mecanismo distinto que debemos relacionar máis ben con certas estratexias de latinización observábeis na nosa documentación medieval. Ademais, o alcance destes procedementos limítase ao ámbito do rexistro escrito, sen ningún tipo de repercusión nin no sistema toponómico nin na súa evolución espontánea.

No que respecta á información de carácter extralingüístico, resulta de especial importancia o establecemento da tipoloxía á que pertence a entidade xeográfica denotada polo topónimo. O repertorio tipolóxico que viñemos manexando a tal efecto é un conxunto básico de categorías referenciais que teremos que ir ampliando e diversificando conforme vaíamos incorporando novas obras ao ITGM. En todo caso, é importante deixar claro que non se trata dunha clasificación toposemántica, pois non atende ao significado orixinal dos lexemas nos que se basean os topónimos, senón á natureza tipolóxica dos referentes deses topónimos. Feitas estas puntualizacións, o repertorio tipolóxico en cuestión artículase en sete grandes bloques:

- a) núcleos habitados: neste grupo incluímos todo tipo de entidades de poboación, así como as particulares formas de agrupamento humano e de distribución do espazo nos núcleos urbanos (rúas, prazas, etc.);
- b) accidentes do relevo: referímonos aos fenómenos de natureza orográfica (montes, outeiros, cordais) e hidrográfica (ríos, regatos, fontes, mananciais), así como a outras realidades da paisaxe como extensións arboradas, accidentes costeiros ou territorios insulares, por exemplo;
- c) demarcacións territoriais e xurídico-administrativas: esta categoría encóntrase conectada en boa medida co primeiro subgrupo, aínda que o seu trazo específico vén dado pola natureza supralocal destas entidades, entre as que contamos realidades tan diversas como as comarcas, os reinos, as *terras*, os *commissos*, as dioceses ou os coutos, entre outros;
- d) explotación agropecuaria: esta categoría concrétase en entidades como as leiras, as tenzas, os agros, os pasteiros e outras análogas;

- e) institucións relixiosas e centros de culto: integran este grupo os mosteiros, igrexas, ermidas e capelas, subcategorías cuxa individualización non sempre resulta doada;
- f) intervención arquitectónica na paisaxe: contemplamos aquí os distintos tipos de construcións humanas, entre as que salientan as de finalidade comunicativa (pontes, camiños) e defensiva (castelos, fortalezas)
- g) e, finalmente, espazos mítico-relixiosos: polo momento redúcense unicamente ao Ceo e ao Inferno, este último moi ben representado no corpus grazas á súa presenza recorrente nas habituais fórmulas imprecatorias empregadas nos nosos documentos altomedievais. Estes espazos, que desde a nosa perspectiva moderna poderían entenderse como “míticos” ou cando menos “abstractos”, non o eran en absoluto na cosmovisión do home medieval, na cal o Ceo e mais o Inferno eran espazos físicos concretos. En todo caso, coidamos que tanto *Ceo* (= *Reino dos Ceos*, *Paraíso*, etc.) como *Inferno* (= *Baratrum*, *Tártaro*, etc.) presentan as características e fisionomía propias dun elemento topónimo, aínda posuíndo referentes de natureza radicalmente distinta á da inmensa maioría de nomes de lugar incluídos no noso corpus.

Un dos problemas que xorden con maior frecuencia na correcta determinación da tipoloxía referencial dun topónimo é o solapamento que adoita producirse entre as denominacións de varias entidades distintas. Esta dificultade tórnase bastante habitual no caso das demarcacións supralocais, moitas das cales comezaron sendo territorios naturais sobre os que se asentaron e desenvolveron xurisdicións de tipo relixioso e/ou civil. Un exemplo moi ilustrativo é o de *Trastamar* / *Trastamara*, nome dun arcediagado da igrexa compostelá que abranguía os arciprestados de Bergantiños, Seaia, Duiro, Entíns, Dubra, Soneira e Nemancos, mais ao mesmo tempo denominación dun condado que chegou a converterse no máis importante da Galicia medieval e mesmo acabou por dar nome a unha dinastía nobiliaria castelá. Nun caso coma este resulta fundamental a observación minuciosa do contexto léxico do topónimo, que adoita servirnos como un factor desambiguador de primeira orde: se no documento en cuestión se alude por exemplo a un *archidiaconus de Trastamar*, parece evidente que teremos que clasificar o topónimo como nome dunha demarcación eclesiástica. En cambio, se encontramos secuencias como *Gomez Gunzaluez dominans in Transtamar* ou *don Fradarique, duque de*

Arjona et conde de Trastámar, a categoría na que debemos encaixar o topónimo é máis ben a de nomes de demarcacións civís ou de xénese socio-política.

A terminoloxía toponímica é tamén fundamental á hora de precisarmos a tipoloxía referencial dun elemento toponímico. Apelativos como *riuus*, *riuulus*, *fluuius*, *honore*, *ualle*, *hereditate*, *casale*, *mare*, *arena*, etc. adoitan concorrer na contorna máis ou menos inmediata do topónimo, de tal xeito que o investigador ten que estar familiarizado non só coa forma externa de todos estes termos, senón tamén co significado específico que presentan no contexto espacial e cronolóxico no que se enmarca a documentación. Por exemplo, as voces hidronímicas *riuus*, *riuulus* e *fluuius*, que no latín clásico ofrecían características semánticas nidiamente diferenciadas, adoitan comportarse como formas sinonímicas na nosa documentación altomedieval. De aí que ante unha secuencia como *ribulo Issa* poidamos pensar que se trata da alusión a un regato ou corrente fluvial menor, tal e como se deduce da información dada no índice onomástico de DTT: «Regato do concello de Mazaricos» (Fernández 2004: 739). Agora ben, se observamos con atención as referencias xeográficas desenvolvidas nos documentos nos que comparece este topónimo comprobamos que se trata máis ben da denominación dunha corrente fluvial significativa, que moi probabelmente poidamos identificar co actual río Beba, un dos principais afluentes do Xallas. A situación repítese con ríos tan importantes e recoñecíbeis como o Tambre ou o Sar, que con moita frecuencia aparecen precedidos dalgunha variante do apelativo *riuulus* (*riuulo Tamar*, *riuulo Saris*). E algo similar tamén podemos dicir a respecto de *ualle*, substantivo que na nosa documentación altomedieval non se refire tanto a un fenómeno orográfico (depresión do terreo entre montañas) como a un tipo de demarcación territorial cunhas características determinadas. Esta observación vólvese de suma importancia á hora de avaliar e clasificar correctamente secuencias como *ualle de Carnota* ou *ualle de Buraon*, entre outras.

5. ALGÚNS APROVEITAMENTOS DO ITGM

Antes de rematar con esa breve descrición do ITGM, gustaríanos sinalar algunhas das utilidades máis visíbeis que pode ofrecerlles o noso recurso aos toponimistas e investigadores en xeral, sempre tendo en conta a fase até certo punto embrionaria na que se encontra aínda o proxecto.

Desde a perspectiva puramente etimolóxica, a que historicamente veu predominando nos estudos toponomásticos, o ITGM revélase como unha ferramenta de traballo formidábel, ao reunir as atestacións máis antigas dun grande número de nomes de lugar e organizalas conforme a uns criterios que facilitan o seu manexo por parte dos usuarios. O ITGM contén testemuños documentais que permiten desbotar ou cando menos rebater algunhas opcións etimolóxicas que en principio poderían parecernos evidentes. Por exemplo, o topónimo *Agrón*, que dá nome a unha freguesía do concello de Ames (así como a outra do de Melide), sería teoricamente explicábel como un derivado aumentativo do substantivo *agro*. De feito, Eladio Rodríguez recolleu o termo *agrón* no seu dicionario coas acepcións “Aumentativo de *agra* y *agro*” e “Heredad labrantía de gran extensión, ya esté o no esté cercada”. Porén, os rexistros máis antigos recollidos no ITGM desmenten tal posibilidade: as formas *Ogrom* (1215, 1289), *Sancti Laurencii de Ogrom* (1171, 1214, 1215, 1271, 1289), *Sancti Laurencii de Ogron* (1289), *Sancti Laurencii de Ogrone* (c. 1213) e *Sancto Laurencio de Ogron* (1226) permiten reconstruír unha probábel base etimolóxica *OKRŌN(E) baseada no radical indoeuropeo *ak-, *ok- ‘anguloso, cortante, afiado; pedra aguzada’, e con paralelos en diversas formacións léxicas e toponímicas existentes noutras linguas.

Outro aspecto que non debemos obviar é o da conexión entre nomes persoais e nomes de lugar, concretada non só na emerxencia e consolidación de apelidos detoponímicos, senón tamén na existencia duns determinados mecanismos sintácticos de integración deses apelidos na secuencia antroponímica. Por exemplo, o ITGM ofrece testemuños de cadeas antroponímicas cunha constitución interna bastante complexa que non aparece recollida en ningún dos principais traballos existentes sobre o tema, o que semella ser indicio da súa excepcionalidade. Referímonos a sintagmas que inclúen simultaneamente os tres grandes tipos de apelidos existentes na nosa antroponimia medieval: [antropónimo + apelido patronímico + apelido delexical + apelido detoponímico]. Esta é a estrutura que observamos en *Domingo Perez dicto Botello de Ceruya*, *Domingo Perez dicto Papeyro d’Esteyro de Carino*, *Martinus Martini dictus Treela Sancti Juliani de Bastauales*, *Petrus Fernandit dictus Gorga de Cernado* ou *Petrus Martini dictus Gordus de Deeyra*, todos eles extraídos de DTT. Tamén contamos con casos nos que a secuencia antroponímica conta cun dobre apelido detoponímico, como vemos en *Johanne Pelagii de Noya dictus de Molentino*, *Munionis Martini de Noya de rua*

de Valado ou *Petro Fernandi de Noya dicto de Lauro*, exemplos nos que a combinación de dúas formas toponímicas distintas dentro da mesma cadea pode interpretarse como sinal dunha certa relación xerárquica entre elas ou, incluso, dunha motivación distinta para cada unha delas. En definitiva, son soamente dúas das circunstancias que poden darse na relación entre os dous grandes subsistemas onomásticos, e para cuxo estudo o ITGM pode ser de grande axuda.

O ITGM pode resultar tamén de grande utilidade nun eido tan amplo como o da normalización e a estandarización dos nomes de lugar, en todas as súas posíbeis vertentes. Efectivamente, os rexistros contidos no noso corpus posibilitarán a reconstrución da forma xenuína de moitos topónimos para os cales os nomenclátors ao uso ofrecen aínda hoxe propostas dubidosas ou discutíbeis. Ademais, tal e como xa se sinalou, o ITGM reúne unha cantidade considerábel de topónimos foráneos, que en non poucas ocasións foron adaptados polos redactores dos textos aos patróns da lingua galega medieval. Deste xeito, o noso corpus pode proporcionar materiais moi aproveitábeis de cara ao tratamento dos exónimos, unha cuestión directamente relacionada co proceso de estandarización da lingua galega. Así mesmo, tamén o fenómeno da castellanización e as variábeis e parámetros que influíron no seu desenvolvemento poderán ser estudadas con maior rigor grazas a un recurso coma o ITGM.

Por último, desde unha perspectiva máis global e sistémica (que ao noso xuízo debería ser a que se fose impondo nos estudos toponomásticos), cómpre interpretar a toponimia galega ou a de calquera outro territorio como unha estrutura complexa en cuxa evolución e transformación interveñen unhas dinámicas internas bastante determinadas (substitución, extinción, deslocación, etc.). O ITGM pode axudar a asentir esta idea, ao contar cunha visualización e unha codificación específicas para cada un deses fenómenos.

6. CABO

En definitiva, o *Inventario Toponímico da Galicia Medieval* (ITGM) é un proxecto incipiente que combina métodos e intereses procedentes de áreas relativamente diversas: toponimia, lingüística diacrónica, historiografía, xeografía, cartografía, etc. Na actualidade continúan a desenvolverse traballos conducentes ao necesario perfeccionamento e enriquecemento do recurso. Por unha banda, estase a pro-

cesar a toponimia de novas coleccións documentais, o que redundará non só no incremento cuantitativo do corpus, senón tamén na súa diversificación xeográfica, ao incluírense obras xeradas en comarcas galegas que até o momento contaban cunha representación moi escasa no ITGM. Ademais, e paralelamente a este labor de amplificación do corpus, estanse a refinar aspectos como o repertorio de tipoloxías referenciais ou a codificación das relacións entre signo toponímico e referente extralingüístico, entre outros. Deste xeito, se o proxecto conta coa desexábel continuidade, nuns anos poderemos falar dun recurso indispensábel para calquera investigador interesado nos estratos cronolóxicos máis temperáns da toponimia galega.

BIBLIOGRAFÍA

- CAL PARDO, ENRIQUE (1985): «El monasterio de *dueñas* de Santa Comba de Órrea», *Estudios Mindonienses* 1, pp. 13-81.
- CAL PARDO, ENRIQUE (1999): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo: transcripción íntegra dos documentos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (Ponencia de Patrimonio Histórico).
- CES CANLE, MANUEL (2005): «O Couto de San Martiño de Corenza no tempo: freguesía de Santa María de Roo e de San Xusto, concello de Noia», *Alameda* 18, pp. 21-26.
- DOURADO FERNÁNDEZ, ROCÍO (2008): *Contribución a un inventario toponímico dos documentos do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, Tese de licenciatura inédita, Universidade da Coruña (Facultade de Filoloxía).
- FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, JOSÉ IGNACIO (2007): «Cinco documentos del notario compostelano Domingo Pérez», en González de la Peña, María del Val (coord.): *Estudios en memoria del profesor Dr. Carlos Sáez*, Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá (Servicio de Publicaciones), pp. 319-325.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, MANUEL (2004): *Toronium: aproximación a la historia de una tierra medieval*, Santiago de Compostela, Consejo Superior de Investigaciones Científicas / Instituto «Padre Sarmiento» de Estudios Gallegos.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO (1999): «A Terra do Valeirón», *Papeis do Valeirón* 10.
- MARTÍNEZ LEMA, PAULO (2008a): *Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*, Noia, Toxosoutos.
- MARTÍNEZ LEMA, PAULO (2008b): «Proceso de construcción dun inventario toponímico medieval: o Tombo de Toxos Outos», *Estudos de Lingüística Galega* 1, pp. 63-79.
- RODRÍGUEZ PÉREZ, FRANCISCO (2004): *Os documentos do tomo de Toxos Outos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (Sección de Patrimonio Histórico).
- SÁNCHEZ SÁNCHEZ, XOSÉ MANUEL (2002): «Unha primeira pedra: documentación inédita de San Xusto de Toxosoutos», *Compostellanum* 3/4, pp. 414-438.
- TATO PLAZA, FERNANDO R. (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (Ponencia de Lingua).
- TERRADO PABLO, JAVIER (1999): *Metodología de la investigación en toponimia*, Zaragoza, INO Reproducciones.
- TMILG = VARELA BARREIRO, XAVIER (DIR.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, <<http://ilg.usc.es/tmilg>>.
- ZAPICO BARBEITO, MARÍA PILAR (2005): *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens: edición e estudo*, Noia, Toxosoutos.